**PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE CARBALLO,**
**SERVIZO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL**
**e COMISIÓN DE FESTAS DE SAN XOÁN**

# RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE

# PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS NAS CACHELAS DE SAN XOÁN

- Non apilar materiais para queimar na cachela a máis de **tres metros** de altura e a un perímetro de 6/8 metros.
- Os **materiais combustibles serán sólidos**, e prohíbese calquera tipo de materiais explosivos, pirotécnicos ou líquidos inflamables. Igualmente prohíbese tamén a utilización de materiais que poidan producir grandes columnas de fume (pneumáticos, aceites, téxtiles, etc.) ou gases especialmente tóxicos ou corrosivos (plásticos en xeral, PVC, caucho aparatos eléctricos, etc.)
- A cachela deberá situarse a unha **distancia de seguridade** (mínima de vinte metros) de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación ou obxecto fixo ou móbil e vehículos de todo tipo.
- Queda prohibido, así mesmo, realizar a cachela sobre o **pavimento urbanizado**, ben sexa asfalto, beirarrúa ou firme de uso público embaldosado (parques, prazas, etc.)
- Non se permite colocar cachelas que entorpezan os viais de acceso ou circulación da zona, e deberán estar situadas en lugares que **permitan o acceso dos vehículos de emerxencias**.
- Débese controlar e **supervisar por un adulto** a queima destas cachelas, e non deixarán os menores sós no lugar da cachela.
- Nunca se lles debe permitir aos nenos que adquiran elementos susceptibles de prender lume (chisqueiros, mistos, etc.) así como produtos pirotécnicos (petardos, tracas, voadoras, lumes chinos, etc.)
- Débense adoptar medidas de **autoprotección** (extintores, mangueiras con auga, cortalumes, etc)
- Ter precaución co vento que pode levantar cinzas ou charamuzas ardendo.
- Unha vez **apagada** debemos asegurarnos que a cachela non se reavivará antes de abandonar o lugar, e serán responsables os integrantes do grupo do cumprimento das normas de seguridade
- É obrigatorio que todos os participantes poñan en coñecemento da **Policía Local** o lugar da realización da cachela antes do día 22 de xuño.
- En caso de emerxencia, o teléfono único de **emerxencia é o 112**

COMISIÓN DE FESTAS SAN XOÁN 2017
ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XOÁN
CIF G-15470693

# CONCURSO DE CACHELAS SAN XOÁN 2017 · XXX EDICIÓN

## *DECLARACIÓN DOS PARTICIPANTES*

D./Dna. ............................................................................................................. maior de idade, con

NIF ..........................................., veciño/a de .......................................... con enderezo en

.........................................................................................., teléfono ........................................................,

e enderezo electrónico.........................................................................................., como

participante na XXX edición de cachelas co nome...................................................................................

situada en .................................................................................................................................................

**DECLARO**

- Que son coñecedor/a das “Recomendacións de seguridade para a prevención de riscos nas Cachelas de San Xoán” e das bases do Concurso de Cachelas San Xoán 2017, que terá lugar en Carballo o 23 de xuño de 2017, e acepto ditas bases.
- Que polas razóns expostas anteriormente e segundo figura nas bases, eximo de toda responsabilidade á Organización (A.C. San Xoán) polos incidentes ou danos que puideran ocasionar e/ou sufrir os membros do equipo co que participo neste concurso.

E para que conste para todos os efectos asino a presente de declaración

Carballo, ........... de ................................... de 2017

Asdo.:

NIF

COMISIÓN DE FESTAS SAN XOÁN 2017
ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XOÁN
CIF G-15470693

# CONCURSO DE CACHELAS SAN XOÁN 2017· XXX EDICIÓN

## *AUTORIZACIÓN PARA MENORES DE IDADE*

D./Dna. ........................................................................................................... maior de idade, con NIF ..........................................., veciño/a de ......................................... con enderezo en ..........................................................................................., teléfono ........................................................., e enderezo electrónico..........................................................................................., como pai, nai, titor/a de ........................................................................................................, de idade............... que participa na XXX edición de cachelas co nome .........................................................................
situada en ................................................................................................................................

**DECLARO**

- Que son coñecedor/a das recomendación de seguridade e acepto as bases do Concurso de Cachelas San Xoán 2017 que terá lugar en Carballo o 23 de xuño de 2017.

**AUTORIZO**

A ......................................................................................................................, de idade.................. para participar no Concurso de Cachelas San Xoán 2017, eximindo de toda responsabilidade á Organización (A.C. San Xoán) polos incidentes ou danos que puideran ocasionar e/ou sufrir os membros do equipo que participan neste concurso.

E para que conste para todos os efectos asino a presente de autorización

Carballo, ........... de ................................... de 2017

Asdo.:

NIF